CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

PROPOSTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA MANTER O EMPREGO, AXUDAR ÁS EMPRESAS EN RISCO E RECUPERAR O SECTOR DO TURISMO DE SANTIAGO FRONTE A CRISE DO CORONAVIRUS

O pasado 16 de marzo o grupo municipal de Compostela Aberta presentou unha serie de propostas e medidas concretas para combater a crise do coronavirus, algunhas delas para a súa aplicación inmediata, desde o punto de vista sanitario, e outras formuladas a curto-medio prazo e enmarcadas dentro dun **Plan de Rescate Social.** Nestas últimas, instamos ao Goberno municipal a deseñar un plan en común con especial atención a varios focos, entre eles a garantía dos dereitos sociais e do emprego. Tamén destacabamos a necesidade dunha:

- Nova planificación da estratexia turística para a cidade, con especial atención ao ano 2021.

O sector do turismo en Compostela ten un gran peso e unha importancia estratéxica na xeración de emprego, no mantemento do tecido empresarial e na posta en valor da cultura, o patrimonio, a gastronomía e a singularidade de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade. Agora ben, nos últimos tempos o gran desenvolvemento turístico tamén supuxo impactos negativos para a cidade: a expansión elevada do fenómeno das vivendas de uso turístico (VUTs), a saturación turística en puntos da zona monumental, ou a progresiva expulsión da veciñanza da cidade histórica por mor do encarecemento do alugueiro e da escaseza de servizos básicos como o comercio de proximidade. Lamentablemente, Santiago experimentou unha degradación progresiva de espazos e servizos relacionada coa natureza da actividade turística na cidade, e de aí que emerxera unha preocupación na veciñanza, que puxo o foco na complexa convivencia cotiá e na perda de servizos nas zonas e barrios máis expostos aos fluxos turísticos.

A crise sanitaria do coronavirus está golpeando intensamente e a maior velocidade ao turismo fronte a outros sectores. A súa recuperación tamén será moito máis lenta e prevese que, por mor dos meses de paralización, a actividade turística caia un 33% no conxunto de 2020, caída que se traducirá nunha importante perda de postos de traballo. Por iso, é de vital importancia recuperar o emprego e o dinamismo económico, a través dunha nova estratexia para o turismo. Este redeseño que nos vén imposto pola crise da Covid-19 ofrécenos a oportunidade de facer unha reflexión global sobre o modelo de turismo que queremos, e sobre o papel que este sector debe xogar dentro do modelo económico de Santiago. A gobernanza do turismo adquire, pois, unha nova dimensión na procura de que esta sexa unha actividade económica responsable e sustentable, que repercuta no conxunto da veciñanza dunha cidade que non pode vivir sen turismo, pero tampouco só do turismo.

Na decisión sobre as medidas necesarias para reactivar o sector turístico en Compostela é preciso ter en conta de onde vimos e as consecuencias, a medio e longo prazo, das novas políticas a adoptar. Ao concretar posibles axudas e estratexias hai que preguntarse non só cómo superar esta crise, senón tamén qué Compostela queremos habitar e promocionar no futuro. Un novo modelo de turismo sustentable e de xestión responsable e respectuosa co medio ambiente, coa cultura, coas condicións laborais, coa equidade de xénero e co retorno social e económico.

Tendo en conta todo iso, o grupo municipal de CA propón as seguintes medidas necesarias e urxentes para recuperar o sector e, ao tempo, avanzar cara un novo modelo turístico:

1. **MEDIDAS URXENTES PARA A REACTIVACIÓN** partindo dunha política proactiva do Concello de Santiago para ser un motor proactivo na recuperación do sector:

    a. **Mantemento de todos os contratos públicos** da administración local comprometidos co sector do turismo.

    b. Impulso dun **novo programa municipal de alugueiro destinado á reorientación das vivendas de uso turístico** para axudar tanto ás persoas propietarias como ás demandantes de vivenda de alugueiro, dándolle saída ás vivendas de uso turístico desocupadas e ampliando a oferta do mercado de alugueiro en Compostela. Propomos destinar a este programa un orzamento inicial de 75.000 euros.

    c. Convocatoria de **axudas para a competitividade turística socialmente responsable** para autónomos e pemes, para a adecuación dos seus servizos aos novos requirimentos tras a Covid-19 (espazos, aforos, protección sanitaria…). 100.000 euros.

    d. Novas **campañas promocionais de Santiago** que se centren nos mercados de proximidade, español e portugués nunha primeira fase, para ir paulatinamente ampliándose a outros mercados europeos a medida que se vaian abrindo as fronteiras. 100.000 euros

    e. **Reorientación de INCOLSA**, tanto da súa actividade como dos seus recursos económicos -para financiar os programas anteriores- e implementación de **novas ferramentas transversais no sentido de transformar Compostela nun destino turístico responsable: bo para vivir e bo para visitar**.

2. **GOBERNANZA DO TURISMO** para revertir e controlar as súas facetas *depredadoras* e lograr que o sector sexa un verdadeiro ámbito económico de reparto da riqueza na sociedade:

    a. **Participación e socialización dunha nova estratexia turística** a través da convocatoria do Consello Municipal de Turismo e impulsando un Foro Aberto do Turismo de Santiago no que se escoiten todas as voces da sociedade civil para o posterior deseño de medidas de recuperación sustentables.

    b. **Creación dun Observatorio local de turismo sustentable** en colaboración co CETUR da USC para medir e avaliar todas as dimensións do turismo compostelán e compartir esa información co sector.

c. **Medición do *Índice do Progreso Social* do Turismo** para, en colaboración co sector e co asesoramento do Centro de Estudos Turísticos da USC, avaliar o impacto do turismo máis alá das cifras brutas de visitantes e peregrinos e a repercusión dos beneficios na mellora das condicións de vida de toda a veciñanza.

3. **TURISMO RESPONSABLE** como estratexia colectiva e novo eixo das políticas turísticas de Santiago, que favoreza as propostas que opten por ofertas turísticas xeradoras de impactos positivos para a cidadanía e pobación local:

   a. **Certificación 'Compostela Responsable'** como etiqueta municipal que distinga ás empresas hostaleiras que atendan criterios ambientais e sociais xustos (emprego de calidade, contratación estable, saúde laboral, accesibilidade, prácticas ambientais, boa atención á clientela...) e cumpran cos dezasete obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) das Nacións Unidas.

   b. Campaña **#Enjoy-Respect-Santiago** de concienciación sobre os dereitos, obrigas e recomendacións para o/a turista responsable, con viñetas e ilustracións singulares e merchandising en establecementos hostaleiros.

   c. **Promoción das cadeas curtas de subministración no turismo**, cadeas locais, inclusivas e diversificadas que fomenten a **economía circular**.

4. **DESTINO CULTURAL E XACOBEO 2021,** aproveitando a potencialidade da programación musical e artística de Santiago, reforzando as festas como elemento de atracción e reclamo tamén para o turista, e redeseñando o Xacobeo para integrar a súa programación coa de axentes programadores locais, incorporando os valores galegos, estatais e internacionais para situarnos no contexto europeo como unha cidade con identidade propia e capacidade de interlocución e incluíndo en maior medida os elementos locais:

   a. **Traballo conxunto dos departamentos de Turismo, Cultura e Festas** para desenvolver unha programación que, pensada para a poboación local, sexa tamén atractiva para a visitante. Nela impulsaráse un **calendario de Festas estable e descentralizado para todo o ano**, no que ademais das máis tradicionais como o Apóstolo e a Ascensión, se inclúan propostas novidosas como a Festa do Banquete e se potencien outras como a Festa da Uña ou o Nadal.

   b. **Sinerxías e alianzas con axentes da cultura e as industrias creativas de Compostela** – música, teatro, festivais, artesanía, etc.- afectados tamén pola crise da Covid-19, e creación dun **novo Eixo Cultural no Parque de Belvís e Barrio de San Pedro** como entrada principal do Camiño Francés na cidade

   c. **Impulsar o Festival 'Compostela é Música!'** como gran envento de bandas compostelás con motivo do Xacobeo, para difundir o noso patrimonio musical propio. O cerne do programa sería o censo de grupos Compostela é Música!

   d. **Promover un programa de residencias artísticas vinculadas aos Camiños de Santiago**, para potenciar o diálogo intercultural europeo no Xacobeo 2021.

e. **Elaborar un <u>Mapa de Puntos activos de Arte na Rúa</u>** durante o Xacobeo 2021. Trátase de identificar, habilitar e sinalar unha serie de espazos públicos nos que se desenvolven de xeito regular actuacións artísticas, intervencións culturais e arte urbana, para promocionar a rede de espazos verdes da cidade e descentralizar as actividades culturais vencelladas ao Xacobeo.

f. **Continuar a programar <u>grandes eventos no Multiusos Fontes de Sar</u>** como xa foron recentemente as actuacións de Bob Dylan, Helloween, Tribalistas ou o Cirque du Soleil, para reforzar esta faceta do recinto como un espazo escénico e musical referente, esixindo ás demais administracións que nos acompañen neste esforzo, centralizando os grandes espectáculos do Xacobeo na nosa cidade.

5. **DESTINO INCLUSIVO, FAMILIAR E VERDE** para que a partir do 2021 Santiago rexurda como un destino direnciado pola súa calidade e respecto co ambiente e a poboación local:

   a. Promoción de <u>Santiago como destino Familiar</u>, impulsando desde o Concello alternativas de ocio, culturais, deportivas e gastronómicas que sexan Family Friendly.

   b. Referenciar <u>Compostela como Destino Inclusivo</u> e que fomenta a responsabilidade social e amable para mulleres, colectivo LGTBIQ, Vegan Friendly, Pet Friendly, etc.

   c. Lanzamento da campaña <u>'Santiago Respira',</u> promocionando Santiago como capital do **EcoTurismo**, aproveitando o potencial da Compostela Verde recuperada nos últimos anos (Brañas do Sar, sendas do Sarela, bosques de Compostela...)

   d. Promoción entre a veciñanza e os turistas dos <u>'Horizontes de Compostela',</u> miradoiros naturais e artificiais da cidade. Ademais dos xa coñecidos (Monte do Gozo, Pedroso, cubertas da Catedral, Cidade da Cultura, etc.), habilitaríanse outros novos como o Miradoiro no Monte Viso.

É o tempo da solidariedade, de preservar o traballo, de coidarnos e de coidar aos máis febles, da cooperación entre institucións e entre todas as formacións políticas democráticas, e de continuar no acompañamento, sempre, das orientacións das autoridades sanitarias e a comunidade científica.

Superaremos este momento unidas.

Santiago de Compostela, 14 de abril do 2020